

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE DECEMBRO DE 1996.-**

Na Sede Provisional da Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia, sita en Salgado Moscoso, 9, o día nove de Decembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 2 de Decembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Dona Delia Pérez Pérez, veciña de San Cristovo, con domicilio na rúa Grande, no que interesa autorización municipal para a realización de obras varias no nº 6, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos municipais, que di: "Non se poderá sobrepassa-la máxima edificación permitida e que é de baixo máis piso.- A crubrición da terraza, urbanisticamente non é posible ó sobrepassar B+1.- A

remodelación interior é posible e incluso necesaria dado o estado do inmovible, pero sen aumentar volume.- A súa ubicación corresponde a C.U. (Conxunto Urbano con conservación parcial de carácter).- Definición.- Espacio en ordenación cerrada con patios interiores. Está constituída por edificios antigos e representativos da urbe, sendo preciso no mesmo unha conservación total do devandito carácter tradicional.- Ambito territorial.- Sinalado no plano de ordenación.- Normas de usos.- Usos admitidos.- Residencial: vivenda unifamiliar e agrupada (enténdese coma tal a colectiva que inclúe máis dunha vivenda por edificio).- Industria e almacén: talleres domésticos e artesanais así coma almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda, na segunda categoría.- Comercial: comercio de calquera clase na planta baixa.- Dotacional: calquera clase de primeira e segunda categoría, asimilable á ordenación cerrada.- Usos prohibidos: tódolos demais.- Normas de volume.- Condicións de posición.- Aliñacións: as que se fixan.- Edificación entre medianerías.- Condicións de posición.- A que dea lugar a unha vivenda que cumpra a lexislación de habitabilidade que lle é de aplicación.- Condicións estéticas.- Voos: só se permitirán os voos abertos, formados por balcóns de 50 cm. coma máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou ferro. Admitiranse, en obras de nova edificación, as galerías acristaladas, así mesmo, con voo máximo de 50 cm.- Materiais de fachadas: as fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento.- Cornisas: será obrigatoria a execución de cornisas nos beiriles dos tellados, cuio voo máximo non poderá exceder de 30 cm.- Cubertas: as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica curva. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns.- A altura máxima de "cubrera" será de 4,00 m. medidos dende a cara superior do último forxado.- A iluminación dos locais baixo cuberta farase con fiestras no mesmo plano da cuberta. Prohíbese expresamente as bufardas, "mansardas" e elementos similares.- Os canalóns e baixantes serán metálicos.- Carpintería exterior: empregárase madeira ou aluminio lacado en cores similares ás existentes na actualidade. Nos edificios con fachada á igrexa permitirase exclusivamente carpintería de madeira.- Condicións de edificación.- A altura de cornisa e número de plantas máximas admitidas no núcleo será de dúas plantas coma máximo (baixo+unha) determinada sobre a fronte de mazá ou praza na que estea enclavado o solar. O fondo máximo edificable será de 15 m., medido perpendicularmente á rúa.- Estas son as normas a cumprir na restauración da vivenda.- Concretando sobre os puntos da solicitude, a cuberta terá que acomodala ó reconstruír de forma que a vivenda non supere a altura B+1 e as instalacións de

electricidade e fontanería sen inconvenientes".

Visto un escrito de Don Jaime C. González Fernández, Director de Telefónica de España, S.A. e en representación de Telefónica Servicios Móviles S.A., con domicilio a efectos de notificacións na rúa Marcelo Macias, I, C.P. 32005, de Ourense, no que interesa autorización municipal para instalación de torre de comunicacións no lugar de Montealegre- Serralleiro, do lugar de San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a un informe emitido polos servicios técnicos municipais, que di: "A súa ubicación corresponde a solo clasificado coma SNU.- Acreditarase que a actividade é de utilidade pública.- Tramitarase o correspondente expediente como sinala o artigo 42 L.S.G.- A documentación técnica, presentarse asinada e visada".

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Joaquín Vázquez Cortizo, na representación de Autoescola Ribadavia S.L., veciño desta Vila, con domicilio na rúa Salgado Moscoso, no que solicita a regulamentaria licenzia para abrir ó público un establecemento que haberá de adicarse a Autoescola na rúa Salgado Moscoso, 6, baixo, desta Vila; cumpridos os trámites esixidos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade e, en uso das facultades que lle outorgan as leis vixentes sobre a materia, en consonancia tamén coa correspondente Ordenanza Fiscal acorda concede-la licenzia definitiva que se solicita e mesmo aproba-la liquidación da taxa municipal, o cal importe é de 50.566 pesetas, cantidade que deberá ser ingresada nas arcas do Concello sen o cal requisito esta licenzia non surtirá efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e Santa Cristina.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas de consumo público do abastecemento de Santa Cristina e de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº7/96, por importe de 1.744.022 pesetas, con cargo a unha subvención do Instituto Galego de Vivenda e Solo, para axudas ós Concellos para infravivenda rural.

A Comisión Municipal de Goberno, presta aprobación a factura da Imprenta El Ribadaviense por importe de 500.000 pesetas relativa a impresos oficiais en Galego Normalizado. Así mesmo acorda remitila á Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local, ós efectos de xustificación ante o Organismo que concedeu dita subvención.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la memoria valorada realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo González Rodríguez de Diagrama Ingeniería S.L. xustificativa dos investimentos a efectuar por remanentes de crédito correspondente á baixa presentada polo contratista da obra: "Saneamento Maquiás e Gandarela", no Concello de Ribadavia, acordando tamén solicitar da Comisión Galega de Cooperación Local o seu financiamento con cargo a súa remanente de crédito derivado da baixa obtida na licitación na primeira fase desta mesma obra.- A obra proxectada inclúe o remate da rede de sumidoiro en Prexigueiro.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.